

## Críticas ao apartado "1.-A conxuntura política".

A dirección do BNG parece ter se instalado nunha dinámica de xustificación dos reveses electorais baseada, unha vez após a outra, na apelación á conxuntura, entendida como un elemento esóxeno á acción política. Isto encobre, ao noso modo de ver, dous grandes erros: (1) é preciso primeiramente asumir, e a seguir analizar, que os resultados das recentes Eleccións Galegas non son o efecto dunha conxuntura externa desfavorable, senón o último elo dun **proceso progresivo de perda de apoio** social e electoral por parte do BNG; e (2) o BNG non pode concibirse a si mesmo como un **espectador** da conxuntura, e si como un actor político con capacidade de intervir sobre ela.

Polo demais, e mesmo con todas as limitacións propias dunha forza política transformadora, **nunca a conxuntura política tiña sido tan propicia** para o BNG, por canto chegou ás eleccións como forza de goberno na Xunta, en seis das sete grandes cidades e en dúas Deputacións provinciais, ademais de ter como socio un partido politicamente incapaz de marcar a axenda política e como rival un partido descabalgado de case todas as instancias de poder que historicamente o nutriron, que ademais carecía de discurso, de proxecto e de líder e que atravesaba unha grave crise na súa matriz estatal e unha crise de lideranza en Galiza. O feito é que as diversas potencialidades que ese panorama favorable abría non foron aproveitadas, e iso non se debe só nin fundamentalmente a factores externos ao BNG, senón á súa acción política.

Cumpre, por tanto, colocar a acción de goberno do BNG (sobre todo na Xunta, mais non só) baixo a lupa: despois da primeira experiencia de goberno en termos globais, é necesario que o BNG estude o que fixo, para que, como un organismo vivo, surxa **un BNG máis evolucionado**, que potencie as súas capacidades (antes presumidas, agora comprobadas) mais que ao mesmo tempo descarte os malos hábitos adquiridos antes de que se incorporen ao noso código xenético. Hai que reivindicar todo o que se fixo ben, que foi moito, pero sen instalarse por iso na autocompracencia: polo contrario, tamén debemos asumir todo o que fixemos mal, o que deberíamos ter feito e non fixemos, e até mesmo as inercias das cales nos deixamos contaxiar. Só así poderemos presentarnos ante a sociedade renovados e cunha mensaxe clara -e non puramente retórica- de que aprendemos a lección e estamos preparados para asumir novos retos de goberno, con máis experiencia e garantías do que antes.

O termo "**españolización**" parécenos inadecuado, tanto pola súa vaguedade ideolóxica como pola falta de referenciación dos fenómenos que actualmente se están a producir na sociedade galega. Por outra parte, se algo está claro é que nestas eleccións o pobo votou en clave galega, e iso debe ser recoñecido por máis que o resultado non sexa o por nós desexado. É certo, porén, que os partidos estatais están inmersos nunha deriva administrativamente centralista e politicamente nacionalista, mais ese proceso non debe ser etiquetado, senón analizado con rigor e tomado en consideración á hora de tomar as decisións máis oportunas e intelixentes por parte do BNG.

Canto á proposta de elaborar unha alternativa galega ao modelo capitalista neoliberal, semella claro que é un nobre propósito que ultrapasa largamente as nosas capacidades actuais. Ese é un bonito tellado para a casa que temos a medio construír, pero primeiro cumpre consolidar os cimentos do proxecto e facelo crecer até chegar á altura en que a cobertura se faga necesaria. Noutras palabras: non é o momento das grandes palabras vacías, senón de **definir políticas transformadoras** tanto no funcionamento interno canto na actuación social e institucional, de apostar polo **crecemento da base militante** e de **aglutinar talento** analítico e creativo para, nunha posterior etapa, abordar tarefas máis ambiciosas.

## Críticas ao apartado "2.-Perfil e obxectivos do BNG."

Se o apartado anterior era na nosa opinión deficiente, este é certamente preocupante. E explicamos sucintamente por que. O documento revela claramente unha **concepción do BNG como forza de resistencia e de oposición**, que sen dúbida foi a súa identidade durante unha época na que esa escolla deu resposta a unha necesidade social. Porén, a traxectoria do BNG desde entón non avala esta

autoimaxe caduca: unha forza que aínda ten importantes labores de goberno na sociedade galega, e que acaba de gobernar o país, está lexitimada para aspirar a ser **socialmente hexemónica**, no medio prazo e sempre que se emprenda e se siga o camiño axeitado.

É evidente que si é necesario facer oposición, pois así o requeriu a sociedade galega e porque sen dúbida o novo Goberno galego nos dará sobrados motivos para facelo. Pero facer oposición non equivale a se autodefinir como forza de oposición.

### **Críticas ao apartado "3.-Actuación municipal (...)".**

É este sen dúbida o apartado que, na nosa opinión, presenta unha visión máis lúcida, o que non impede que se detecten algunhas omisións que consideramos conveniente apuntar.

A primeira di respecto á importancia das eleccións municipais de 2011, que debido ás actuais circunstancias van ser cruciais para o futuro do BNG e para a nova dirección que surxa da Asemblea Nacional de maio. Por iso mesmo, concordamos plenamente na necesidade de **repensar os acordos de goberno e as formas de exercelo**, e para iso é necesario mudar dinámicas internas solidamente establecidas que den paso á conformación de **equipos e proxectos**, e non apenas de listas e programas.

Mais tamén é preciso que a coordinación das políticas municipais a nivel nacional sexa compatible coa definición de **perfís propios en cada localidade e comarca**, pois as nosas respostas deben ser tan variadas como o son as necesidades sociais. Inclusive se deberán facer campañas (non só en época electoral) cun carácter diferenciado: isto non é un atentado á concepción global de Galiza como nación, senón que, polo contrario, afirma esa condición desde a base, desde a horizontalidade e desde a diversidade das partes que conflúen nun todo, contribuíndo así á súa constitución plural.

### **Críticas ao apartado "4.-Principios políticos (...)".**

Dado que este apartado aínda non foi desenvolvido, a crítica ha de ser inexorablemente escueta. Con todo, hai dous aspectos no título que apuntan a consideracións interesantes.

Un é a referencia á lealdade como principio político. Ora, aínda non se tratando, por definición, dun principio orgánico senón dun concepto ético, é realmente desexable que a vida política do BNG se vexa rexida por este criterio, que debe ser asumido e exercido por todos, sen exclusións nin tentativas de apropiacións exclusivistas.

O segundo e máis importante consiste na referencia á unidade, ao pluralismo e á operatividade, que parecen indicar nunha dirección: a **conversión do BNG nun partido**. Desde logo, ninguén espera que ese debate fiquese resolvido na inminente Asemblea Nacional, pois como toda decisión transcendental precisa dun tempo de maduración. Isto non obsta que o debate se plantexe e se consideren as vantaxes e desvantaxes de cada modelo organizativo: polo contrario, será moi saudable que así sexa, e que se comece a dar pasos na dirección que a maioría considere máis acertada. Pasos sen presas, mais tamén sen pausas: as decisións políticas, como as froitas, teñen que amadurecer, pero se non se toman no tempo certo, non prestan.